

GRIAL

122

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXXII / 1994

Johannes Kabatek:
Galego escrito e lingua común na
segunda metade do século XX

Galego escrito e lingua común na segunda metade do século XX

Johannes Kabatek

É sabido que a historia dunha lingua é un proceso continuo, resultado da continua creación lingüística dos falantes. Pero movéndonos na normalidade e na continuidade do presente, formando parte do propio decorrer do tempo e capaces dunha adaptación rápida ás condicións actuais, moitas veces esquecemos os estados anteriores ou xa non nos podemos imaxinar ata que grao as cousas eran distintas nalgún momento do pasado.

No caso da lingua galega escrita, hai que dicir claramente que *todo era distinto* se comparamos a situación posterior á ruptura do 36 coa situación actual: tan radicalmente distinta que parece difícil crer que se trata dunha mesma lingua. Na actualidade estamos diante dunha lingua codificada, unificada, usada en case todos os ámbitos onde se soe usar a lingua escrita; unha lingua de todos os xéneros de literatura e de case todos os tipos de textos non-literarios; textos xurídicos, administrativos, científicos; e mesmo en tipos de texto da publicidade, en carteis e letreiros ou nos xornais, aínda que con pouca extensión.

Nos "anos escuros" da guerra e da posguerra, practicamente nada diso existía, só a lembranza dunha breve época de esplendor do primeiro tercio do século. Un esplendor considerable se o comparamos coa situación do século anterior, pero relativo se o comparamos coa situación doutras linguas ou coa do galego na actualidade.

A Guerra Civil e o establecemento do réxime franquista interrompeu os procesos de emancipación das chamadas linguas minoritarias en España. Como xa antes o catalán e o éuscaro, o galego estaba a punto de se oficializar polo Estatuto de Autonomía, non ratificado nas Cortes de Madrid debido ó comezo da Guerra Civil.

Pero á parte do enorme logro para a lingua que tería sido a aprobación do Estatuto, cabe preguntarse pola súa probabilidade de éxito naquela época: non era comparable a situación galega coa de Cataluña, onde a lingua catalana contou xa con codificación e cunha clase social poderosa que a usaba; en Galicia non existía nin unha cousa nin a outra. Existían varias propostas para unha normativa, as máis logradas de Antonio Couceiro Freijomil de 1929¹; pero non se contaba cunha verdadeira normativa aceptada pola comunidade. E para moitos dos galeguistas que loitaron polo Estatuto, o galego non era a lingua usada habitualmente na fala e na escrita, senón unha lingua pouco falada, e escrita sempre a carón do castelán. Entre a maior parte dos intelectuais galegos a lingua falada en casa era o castelán, como dixo Alonso Montero:

Nos anos de preguerra o compromiso co galeguismo non implicaba, necesariamente, o monolingüismo no seo da familia. Viven hoxe algúns dos homes que loitaron seriamente polo Estatuto de 1936, alleos daquela e alleos hoxe a esta práctica lingüística, como práctica normal, dentro do seu fogar².

Cómpre logo preguntarse, ó falar da historia da lingua escrita na segunda metade deste século, de como se chegou á *codificación* da lingua galega e como se chegou á creación dunha *lingua común falada e escrita*. E ademais, hai que preguntarse como se crearon os *diferentes tipos de texto* inexistentes na primeira metade do século. Estas son as tres cuestións fundamentais deste capítulo da historia da lingua, e o problema de fondo é o da creación lingüística e o seu efecto na perspectiva histórica, é dicir, o cambio lingüístico. Vou intentar describir o proceso deste cambio nas diferentes épocas da posguerra, comezando pola primeira, a época dos *anos escuros*.

2. A POSGUERRA: OS ANOS ESCUROS

Falo de anos escuros da posguerra desde a analoxía cos séculos escuros entre a Idade Media e o Rexurdimento, pois os anos corenta e cincuenta, o tempo da *Longa noite de pedra*, marcan unha das etapas

1. Vid. Álvarez Blanco, Rosario. "A procura dunhas bases para a unificación: A contribución de Antonio Couceiro Freijomil" en *Homenaxe ó profesor Constantino García*, coordinado por Mercedes Brea e Francisco Fernández Rey, Vol. II. Santiago de Compostela, 1991, S. 19-31.

2. Alonso Montero, Xesús. "Do estado da lingua: algunhas cuestións" en *Grial* 107/XXXVIII, 1990, p. 285.

máis difíciles na historia da lingua galega³. Os primeiros anos do franquismo, o "duro decenio dos anos 40"⁴, caracterízanse, segundo Ramón Villares⁵, pola "resistencia" do galeguismo contra o réxime franquista; é unha época que parece pouco importante para a evolución da lingua escrita e para a lingua en xeral, pois publícase pouco en galego⁶. Sen embargo, é unha época, aínda que escura, na que se prepara a evolución posterior. Son anos dunha identificación cada vez máis intensa entre lingua e identidade galegas e resistencia antifranquista. Non creo incluso que sexa demasiado atrevido afirmar que sen os anos de posguerra sería inimaxinable a evolución posterior da lingua galega. Son anos escuros tamén respecto ó que cientificamente sabemos sobre a lingua. Xeralmente repítense os tópicos da forte ruptura do 36 e da represión idiomática do franquismo. Non hai dúbida de que houbo ruptura e represión, pero non dispoñemos de estudos detallados sobre a época; haberíase que preguntar como e en que se manifestou exactamente esa ruptura, que pasou co galeguismo non só no exilio senón tamén en Galicia, que se publicou e onde: habería que escribir unha historia da lingua galega entre o 36 e os anos 50⁷.

É importante, porén, afirmar que nestes anos hai continuidade do galeguismo debaixo da superficie franquista, e iso malia que grande número dos galeguistas emigrou ó outro lado do mar: de aí, desde Bos Aires sobre todo, chegaban por vías clandestinas algunhas das publicacións galegas, entre outras o tan importante *Sempre en Galiza*, de Castelao, impulso considerable para os galeguistas da época⁸.

O romanista alemán Georg Kremnitz, nun traballo sobre a lingua occitana publicado en 1974, fala de tres condicións fundamentais para a existencia dunha lingua que se poden representar en forma dun trián-

3. A expresión tomeina de Cabanillas, do ano 1954: "¿Como ves el futuro de la lengua? ¿No te parece un tanto oscuro? —Lo que está oscuro es el presente", en Alonso Montero, Xesús. *Informe dramático sobre la lengua gallega*. Akal, Madrid, 1973.

4. Piñeiro, Ramón. "A revista *Grial*" en *Tradición, actualidad e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*, ed. por Dieter Kremer e Ramón Lorenzo. Santiago de Compostela, pp. 35-41.


5. Villares, Ramón. *A historia*. Galaxia, Vigo, 1986, p. 219.

6. "De 1936 a 1946 nada, practicamente, se edita en galego, de 1946 a 1951, casi nada" en Alonso Montero, Xesús. *Op. cit.* (1973), p. 104.

7. En Cataluña publicáronse xa dous detallados estudos sobre a represión da lingua catalana, tarefa aínda sen cumprir en Galicia. Aqueles estudos son: Benet, Josep. *Catalunya sota el règim franquista. Informe sobre la persecució de la llengua i la cultura catalanes pel règim del general Franco*. Blume, Barcelona, 1979, 3ª edición. E, ultimamente, Solé i Sabaté e Villarroya, Joan. *Cronologia de la repressió de la llengua i la cultura catalanes, 1936-1975*. Curial, Barcelona, 1994.

8. "Tales títulos no llegaron a figurar en los escaparates públicos y nadie, absolutamente nadie, se ocupó en la prensa periódica de estos libros [...] por diversos conductos llegaron a manos de quienes necesitaban este alimento y este estímulo" en Alonso Montero, Xesús. *Op. cit.* (1973), p. 105.

gulo que, no caso ideal, é equilátero: trátase da *estructura da lingua*, das súas *funcións comunicativas* e da *conciencia lingüística* dos falantes⁹.



Pódese falar de lingua mentres garda a forma de triángulo. Se un dos tres lados baixa a cero, desaparece a lingua. Pero xa cunha estrutura minimamente diferenciada pódese falar de lingua a condición de que exista suficiente conciencia dos falantes e suficientes funcións comunicativas (sería unha lingua "Ausbau" na terminoloxía de Kloss)¹⁰. Unha lingua sen función comunicativa é unha lingua morta. Sen conciencia idiomática, é unha lingua que Kremnitz chama "salvaxe".

Se consideramos estes tres criterios, o galego non evoluciona nos primeiros anos da posguerra nin en canto ó primeiro nin tampouco respecto ó segundo. As súas funcións comunicativas quedan outra vez reducidas ó uso no ámbito familiar e polo influxo cada vez máis acentuado da lingua dominante, corre o perigo de perder a súa estrutura e disolverse no castelán. Sen embargo, e mesmo nos anos de case silencio, o galego avanza respecto á conciencia dos falantes. O centralismo franquista coa súa idea dunha España monolítica e uniforme provoca unha resistencia mental en Galicia que máis tarde sería a base do movemento autonómico e da creación e instalación da lingua común galega. Froito desta resistencia mental serían máis tarde, na literatura, as obras publicadas a partir dos anos cincuenta ou, por exemplo, o enorme éxito dun poeta coma Celso Emilio Ferreiro. Toda a creación literaria da posguerra é unha aportación á conciencia lingüística da intelectualidade galega e para un galeguismo que, pouco a pouco, vai preparando o seu terreo. A lingua é o símbolo da identidade galega, identificada coa "alma de Galicia" nun ensaio de Ramón Piñeiro de 1952:

[...] quen perseguir ao noso idioma perseguirá a alma mesma de Galicia, o seu honor, a súa personalidade esencial. Aquele que for ene-

9. Kremnitz, Georg. *Versuche zur Kodifizierung des Okzitanischen seit dem 19. Jb. und ihre Annahme durch die Sprecher*. Narr, Tübingen, 1974, p. 40.

10. Kloss, Heinz. "Abstand-Languages and Ausbau-Languages" en *Anthropological Linguistics* 9 (7), 1967, pp. 29-41.

migo do noso idioma é, de certo, un enemigo noso. Enemigo satánico, poisque é enemigo da nosa alma¹¹.

A lingua é símbolo de galeguidade, é ela quen identifica os galegos fronte ás forzas unificadoras e asimiladoras reinantes en España, como Piñeiro escribe noutro artigo, de 1954:

O noso idioma é, xa que logo, a única forza espiritoal capaz de manter a cohesión íntima da gran comunidade social galega, que política, económica e humanamente está "parcelada" en núcleos distintos e distantes.

¿Quén podería negar a gran importancia social do idioma galego como factor activo de cohesión espiritoal?¹²

Son moi importantes os esforzos a partir dos anos 50, non só na emigración, senón tamén en Galicia. Unha aportación á conciencia, pero tamén á estrutura e á extensión das funcións comunicativas, é a fundación da editorial Galaxia en 1950. Non é Galaxia a única editorial que publica en galego nesa época, habería que mencionar tamén outras, como a Editorial de los Bibliófilos Gallegos, en Santiago, ou outras coleccións como Porto, Galí etc. Pero a máis importante, a de máis proxección e continuidade é, de certo, Galaxia, que, nas palabras de Francisco Fernández del Riego, "desempeñou unha misión, que se mantén en marcha, sin semellanza na historia da nosa cultura"¹³. Os primeiros anos da editorial foron difíciles. Entre 1952 e 1960, baixo o Director General de Información Juan Aparicio, a censura é dura e publicar en galego case imposible. Tanto máis importantes son as poucas publicacións desa época. En 1962 aparece a xa mencionada *Longa noite de pedra*, "un hito en la historia de la literatura gallega moderna"¹⁴, un libro que deixa testemuño claro da identificación entre lingua galega e identidade propia. A partir do ano 1963, no centenario da publicación dos *Cantares gallegos* de Rosalía, Galaxia pode comezar a publicación con regularidade da revista *Grial*, desde entón un dos órganos máis importantes da cultura galega. No limiar do primeiro número concrétese a tarefa que se propón a revista:

Fiel ó profundo significado deste centenario que preside o seu renacemento, *Grial* arela facer no noso tempo, cō esforzo coordinado

11. "A lingua, sangue do espírito" en Piñeiro, Ramón. *Olladas no futuro*. Galaxia, Vigo, 1974, pp. 33-37.

12. "Trascendencia social do idioma" en Piñeiro, Ramón. *Ibidem*, pp. 66-67.

13. Fernández del Riego, Francisco. *Manual de Historia da literatura galega*. Xerais, Vigo, 1981, 5ª edición, p. 276. Para a historia da editorial e, en especial, da revista *Grial*, vid. Piñeiro, Ramón. *Op. cit.* (1982).

14. Alonso Montero, Xesús. *Op. cit.* (1973), p. 109.

de todos, algo semellante ó que Rosalía fixo hai cen anos: remover as enerxías creadoras da espiritualidade galega¹⁵.

O obxectivo de *Grial* é entón explicitamente a creación dunha especie de segundo rexurdimento galego. Coa súa publicación continua e coas demais actividades da editorial nos anos sesenta créase tamén unha certa unidade, anque limitada, da lingua escrita. A editorial tiña algúns criterios internos de ortografía, semellante en moitos aspectos á ortografía actual e distinta sobre todo en canto á preferencia de certas formas morfolóxicas e en canto ó tratamento dos cultismos. Preferíanse, por exemplo, as formas de plural en *-aes (culturaes)* ou en *-ós (razós)*, había vacilación nos grupos cultos con formas como *existencia, aitividá*, ó lado de *actividade*, alternancia dos sufixos *-ble, -bel* e *-bre*, preferíanse os demostrativos *iste/ise*, a preposición *pra* e non *para*, había diferencias vocálicas respecto á norma actual en formas como *mismo, lingoa, espiritoal, nume, sin, si, i*, aparecía na escrita o *i* epentético (*a ialma*), aparecían formas que hoxe en día se consideran hipergaleguismos como *inteleituaes* por *intelectuais*, *crás* por *clase*, *ouxetivos* por *obxectivos*, *refresión* por *reflexión* etc.

No *Grial* 7, en 1965, Carlos Otero fai unha proposta de reforma ortográfica para o castelán, cun apéndice sobre ortografía galega, onde di que

Lo dicho sobre ortografía castellana puede aplicarse también, en sus líneas generales, a la ortografía gallega¹⁶.

É basicamente unha repetición das propostas de Ribalta, en 1910, para unha ortografía máis ou menos fonolóxica¹⁷, seguindo o principio de Quintiliano aplicado ó castelán por Nebrija de representar cada fonema por unha letra. Hai, con respecto a Ribalta, algunha diferenza, por exemplo na acentuación e no uso do *b* como signo de división silábica, onde Otero cita a Rosalía —de feito non precisamente o mellor exemplo cando se trata de ortografía— como precursora. Pero cabe destacar dous elementos interesantes da proposta de Otero: o primeiro é a idea da posibilidade dunha ortografía radicalmente reformada r o galego por “falta de arraigo de las convenciones ortográficas”¹⁸, e o

15. *Grial* 1, 1963, pp. 1-2.

16. Otero, Carlos P. “Con la benia de la Academia” en *Grial* 7, 1965, p. 41.

17. Xa a proposta de Ribalta (Ribalta, Aurelio. *Libro de Konsagración*. Madrid, 1910) fracasou e foi criticada na revista *Nós* por Johan V. Viqueira: “Teño unha razón fundamental contra a ortografía fonética: admitindo-a apartaríamo-nos do mundo lingüístico i teiro. E isolarse é morrer! Ningunha lingua escribe-se fonéticamente” en Viqueira, Johan V. “Sobre a nosa ortografía” en *Nós*, Supl. XXV, 1930, pp. 11-13 (manuscrito de 1918 publicado póstumo).

18. Otero, Carlos P. *Op. cit.* p. 42.

segundo é a crítica contra os que “imitan a ciegas la heterografía del castellano”¹⁹. O que Otero sinala implicitamente (aínda que o que propuña era principalmente a reforma do castelán) é a posibilidade de diferenciación dun galego máis fonolóxico a carón dun castelán máis etimolóxico, con ortografía distinta e polo tanto menos exposta ás interferencias do castelán²⁰. Pero a proposta non foi moi realista dado que a alfabetización xeral en castelán dos galegos esixía, para o posterior proceso de alfabetización das masas en galego, grafías semellantes ás xa coñecidas na sociedade.

3. DE 1966 A 1982: AS MIL E UNHA NORMAS

Os anos sesenta foron para as tres comunidades españolas con lingua propia, á parte da castelá, anos preparativos, anos dun certo cambio, anos nos que a importancia das linguas propias adquiriu un forte ímpeto sobre todo desde as universidades. No ano 1966 prodúcese dous feitos decisivos para o futuro da lingua galega, ambos os dous coa intención principal de contribuír ó coñecemento da lingua, ou sexa ó lado da *estructura* da lingua no triángulo de Kremnitz enriba citado, pero os dous con consecuencias para a conciencia e para a posterior extensión das funcións comunicativas.

O primeiro foi a publicación da *Gramática elemental del gallego común*, de Ricardo Carballo Calero, un intento de poñer ó día todo o que se sabía sobre a lingua²¹ e, ademais, de unificar a lingua onde había usos diverxentes. É, pois, na súa intención, moito máis do que unha gramática, é unha proposta para unha lingua común galega:

Hay razones prácticas que aconsejan la fijación de un gallego común²².

19. *Ibidem*, p. 44.

20. O fenómeno de interferencias pola escrita é bastante coñecido tamén noutras linguas. Vid. Vachek, Josef. *Written Language. General Problems of English*. Mouton, The Hague/París, 1973, pp. 40 e ss. O costume de ler textos en castelán fai que na lectura dun texto galego escrito con grafías case iguais este pode chegar a se pronunciar cunha tendencia de gardar os hábitos de lectura casteláns.

21. “Pocos libros llenan un hueco más importante y están llamados a desempeñar un papel tan útil como esta *Gramática elemental del gallego común*, de Ricardo Carballo Calero, que acaba de publicar Galaxia, Gramática que bajo la simpática modestia de su título y de su propia presentación significa [...] la puesta al día de todo lo que es imprescindible a unha persona culta conocer sobre el gallego” en Vázquez Cuesta, Pilar, “A propósito de la Gramática galega de Carballo Calero”, en *Grial* 16, 1967, p. 194.

22. Carballo Calero, Ricardo. *Gramática elemental del gallego común*. Galaxia, Vigo, 1966, 4ª edición, p. 45.

Segundo Carballo Calero, estas razóns danse, en primeiro lugar, pola posible entrada do galego no ensino e pola necesidade de unidade da lingua literaria:

Se hace, pues, necesario un gallego normativo que permita al profesor orientar sus enseñanzas, y al escritor resolver sus problemas de comunicación con el público, con un mínimo de coherencia²³.

Esta gramática inclúe tamén unha proposta de ortografía. A grafía que propón oriéntase principalmente no castelán, como era tradición desde o Rexurdimento, con algunhas modificacións específicas pola diferenza fonolóxica do galego. Di Carballo: "resulta [...] más adaptable para el gallego la ortografía castellana que la portuguesa", pasaxe que desaparece nas edicións posteriores, nos anos setenta por causa da orientación lusista de Carballo²⁴.

Esta ortografía é fortemente criticada por Pilar Vázquez Cuesta, pois adapta as regras de acentuación do castelán, o cal pode, na súa opinión, levar á perda da riqueza vocálica do sistema galego²⁵. Nunha recensión da gramática, Pilar Vázquez Cuesta lamenta a falta de estudos científicos acerca da lingua galega:

Para el estudioso de la Lingüística Románica el área ocupada por el gallego resulta una zona casi virgen y de la que es difícil hablar con seguridad²⁶.

E máis adiante di que

la labor de campo está casi completamente por hacer²⁷.

Outro acontecemento do ano 1966 cambiaría ó longo dos anos vindeiros esta situación: a chegada de Constantino García González á

23. *Ibidem*, p. 46.

24. Coa súa *Gramática* de 1966, Carballo pode considerarse un dos iniciadores do proceso de normativización do galego. Nela fai propostas concretas para a creación dunha lingua literaria común e unitaria, para a creación dun galego culto. Só nos anos setenta cambia a postura de Carballo, e na 7ª edición, de 1979, oponse abertamente ás súas opinións anteriores acusando de "isolacionista" a tendencia xeral e chamando "auténtico" ó galego reintegracionista: "hay evidentemente una reacción reintegracionista, fruto principal de los estudios universitarios, que está restaurando la lengua literaria, restableciendo las formas auténticas" (7ª edición, 1979, p. 77; Vid. tamén Carballo Calero, Ricardo. "Sobre a nosa lingua" en *Grial* 64, pp. 148 e ss.

25. A evolución actual, cunha ortografía de acentuación basicamente adaptada do castelán, dálle a razón a Pilar Vázquez Cuesta, pois nótase na actualidade que entre bastantes falantes do galego culto a distinción sistemática entre vocais abertas e pechadas se está a perder. Aínda así, creo que non se pode botar a culpa á ortografía senón que en realidade é un influxo dado polo contacto directo coa fonética do castelán (vid. nota 17).

26. Vázquez Cuesta, Pilar. *Op. cit.* (1967), p. 162.

27. *Ibidem*, p. 195.

cátedra de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago, que pola súa importancia se podería resumir cunha variación da famosa fórmula francesa: *Enfin, don Constantino vint!*, porque con el chega o estado actual da lingüística da época, non só de España, senón tamén de Alemaña, onde Constantino García coincidiu, en Bonn, con dous dos lingüistas e romanistas máis importantes da época, Harri Meier e Eugenio Coseriu. Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei subliñaron que

coa súa chegada se inaugura unha nova e fértil etapa na investigación da lingua propia de Galicia e no recoñecemento científico desta lingua secularmente desprestixiada e tradicionalmente ignorada nos ámbitos da romanística²⁸.

Ó chegar a Galicia, Constantino García inicia unha serie de traballos, ou, mellor dito, fomenta unha serie de traballos realizados polos seus discípulos ó longo dos anos sesenta e setenta, traballos que levan a un coñecemento profundo da realidade lingüística galega e que dan ós lingüistas do *Instituto da lingua galega*, creado a principios dos setenta, unha competencia que os converte nos líderes no proceso da codificación do galego.

As actividades cada vez máis intensas dos escritores galegos e as posibilidades dadas por unha certa (aínda que relativa) abertura de España²⁹ provocaron a necesidade dunha clara orientación normativa galega, para acabar co caos ortográfico e unificar a lingua. No artigo 17 da Ley de Educación de 1970 proponse, seguindo os criterios da UNESCO, que se estudie no ensino público a lingua estatal, unha lingua estranxeira e "en su caso, la lengua nativa"³⁰. Esta fórmula introdúcese na lexislación sobre todo pola presión de parte de cataláns e bascos, pero afecta tamén a Galicia. A nova situación legal coa posibilidade de introducir o galego no ensino dá o impulso decisivo para a realización da tarefa xa moi anteriormente iniciada: a creación dunha lingua común galega e un movemento de planificación lingüística concreta.

28. No limiar da *Homenaxe ó profesor Constantino García*. *Op. cit.*, p. 5.

29. Aínda nos últimos anos do decenio dos sesenta segue a censura e falta a liberdade de prensa. Así, o 15 de maio de 1968, o Ministro de Información e Turismo, Manuel Fraga Iribarne, impón ó director de *La Voz de Galicia* unha multa de 50.000 pesetas pola publicación dun artigo en defensa da lingua galega e por "fomentar la discordia regional frente al poder central; inculcar la idea de que no es posible el desarrollo de Galicia sin el idioma propio con absoluto predominio" en Fernández Santander, Carlos. *Franquismo y transición política en Galicia*. Castro, A Coruña, 1986, p. 163. Máis tarde cambia a situación. Nun estudio do Ministerio de Educación e Ciencia do ano 1970 dise: "Existe una lengua y una importantísima cultura popular en Galicia, y hay que tenerla en cuenta a todos los niveles" en *Planificación de la educación de Galicia*. Madrid, 1970, en Alonso Montero, Xesús. *Op. cit.* (1973), p. 194.

30. Alonso Montero, Xesús. *Op. cit.* (1973), p. 196.

A institución co prestixio de levar a cabo a tarefa de codificación era a Real Academia Galega, pero non tiña a competencia científica necesaria por falta de estudos serios sobre a lingua. Esta competencia, adquirida durante os anos 70 principalmente polos lingüistas en torno ó ILG, tardou aínda en se facer decisiva.

O 15 de febreiro de 1970, a Real Academia Galega publica unhas normas ortográficas, por causa do "crecente desenrolo da literatura galega e o prestixio que a lingua está adquirindo en todos os seitores cultos da poboación"³¹ unhas normas basicamente orientadas na ortografía castelá, "única que os galegos aprendían nas escolas ao tempo que o Renacemento das nosas letras creóu a necesidade dunhas normas da espresión escrita"³². As normas limítanse a poucos aspectos: abecedario, acento e contraccións; todos os demais problemas resólvense no capítulo IV cunha fórmula moi sinxela:

Nos casos non previstos nestas normas, serven de supletorias as usuais na ortografía castelá³³.

Con toda razón, Pilar Vázquez Cuesta critica estas normas por seren demasiado simples:

En realidade, se limitan a oficializar la simplista y facilona ortografía de postguerra. Tienen, sin embargo, carácter provisional a la espera de otras más adecuadas a la estructura fonológica de la lengua³⁴.

Pouco despois da publicación destas normas, en 1971, sae do prelo o método *Galego I*, dirixido por Constantino García e publicado polo novo Instituto da Lingua Galega. No seu prefacio dise respecto á orientación normativa:

Adoptamos, en principio, las normas provisionales propuestas por la RAG³⁵.

Pero só en principio. Se no método se propón a chamada segunda forma do artigo na escrita e a grafía *ó, pró, prá* con acentos e non *ao, pra o, pra a* como nas normas da Academia, isto parece ter pouca importancia. Pero é unha forma de insistir na provisionalidade das

31. Real Academia Galega. *Ortografía galega. Normas ortográficas aprobadas pola Real Academia Galega*. Vigo, 1970, p. 6.

32. *Ibidem*, pp. 4-5.

33. *Ibidem*, p. 16.

34. Vázquez Cuesta, Pilar e Mendez da Luz, M^a Albertina. *Gramática portuguesa*. Gredos, Madrid, 3^a edición corr. e aum., 1971, 2 vol.

35. Instituto da Lingua Galega. *Galego I*. Universidade de Santiago de Compostela, 1971, p. 6.

normas da Academia e de sinalar que tamén o Instituto quere participar na discusión sobre a normativa.

En 1971, a Academia engade ás Normas de 1970 *Algunhas normas para a unificación morfolóxica da lingua galega*³⁶, normas tamén moi reducidas que, despois dunha introducción de oito páxinas, consagran só catro páxinas a "quinze extremos"³⁷ da morfoloxía. Estas normas, aínda que pouco exhaustivas, son bastante importantes polo feito de trataren algúns casos de dúbidas nos que propoñen solucións que na súa maioría serán adaptadas despois polas normas de 1982. Mostran, ademais, unha clara preocupación por definir criterios normativos claros, discutidos na introducción e retomados en propostas posteriores: rexeitan o reflexo na escrita de "fenómenos fonéticos dialectais"³⁸ como "a gheada, o seseo, o -e paragóxico, o i (ou u) epentético en fonética sintáctica, e certas metáteses ou sínkopas que a tradición literaria máis firme considera dialectalismos ou vulgarismos"³⁹. Xustifican diversas formas porque "coinciden co portugués", procuran, en xeral, buscar as formas de "carácter común", excluír dialectalismos e "evitar hiperenxebrismos". O criterio principal é o de seguir "a tradición literaria de maior fortuna"⁴⁰. De feito, estes criterios reaparecen de forma semellante nas *Normas* de 1982. E dos quince aspectos tratados, catorce coinciden coas normas actuais, por exemplo, considéranse normativos os plurais en *-ans* das palabras rematadas en *-n* (irmán-irmáns), rexéitanse como dialectais formas ditongadas como **luita* por *loita*, **aira* por *eira*, **autro* por *outro*; prefírense as terminacións en *-ción, -cio, -cia* (*resolución, trapecio, Galicia*) salvo nos casos de palabras vivas na fala actual ou tradicionais como *benzón, vezo, priguiza*; considérase normativo o mantemento das terminacións *-ade, -ude* (*bondade, virtude*) etc. Só no caso do sufixo latino *-BILE*, a solución proposta é *-bel*, aínda que se acepte tamén a solución *-ble* nos casos de "moderna incorporación"⁴¹. É claro que estas normas deixan aínda moitas cuestións abertas, en particular a dos grupos cultos, non concretizada pero cunha tendencia —contraria á normativa de 1982— de "galeguizar" certos grupos consonánticos latinos na propia lingua da introducción, onde aparecen verbas coma *esistentes, sinifica, espresión, ousevadas, ouxeto* etc. Con todo, cómpre dicir que entre as normas de 1970 e as de 1971 hai un claro paso adiante e que por primeira vez desde as normas do Seminario de 1933 se fai un intento de normati-

36. Real Academia Galega. *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña, 1971.

37. *Ibidem*, p. 20.

38. *Ibidem*, p. 25.

39. *Ibidem*, p. 27.

40. *Ibidem*, p. 25.

41. *Ibidem*, p. 29.

vizar con criterios científicos: as normas de 1971 marcan unha pauta que desembocará na codificación de 1982.

Os primeiros anos setenta son anos de cambios, de consolidación dun movemento, anos da penetración do galego no ensino e da consolidación do seu lugar na universidade, anos xa de decadencia do franquismo e de espera dun cambio político. É tamén nesta época cando o galego penetra cada vez máis no mundo urbano, e é un galego moi diferente daquel da lingua literaria medieval ou da dos grandes escritores desde Rosalía. Esta transformación da sociedade galega é o que Ramón Piñeiro chamou a "nova revolución da nosa lingua":

A poboación urbana está a se interesar pola lingua, a percibir a súa forza espiritual colectiva. Iníciase unha tendencia á reivindicación da lingua como expresión da personalidade cultural propia.

O centro fundamental da vitalidade da lingua galega está pasando do campo á cidade. Trátase da meirande revolución da súa historia⁴².

Este paso importantísimo para a supervivencia da lingua galega implica tamén a creación de moitos tipos de textos escritos non literarios, un proceso que —visto desde unha perspectiva soamente literaria— pódese interpretar como unha desmitificación ou case unha "vulgarización" dunha lingua anteriormente reservada —na escrita— para a literatura. Se pensamos que o grande filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa coñecía o galego sobre todo pola literatura, é lóxico que para el a penetración do galego escrito en ámbitos non literarios, o que hoxe en día se interpreta como inicio dunha normalización lingüística, se considera como proceso de banalización dunha lingua que antes só servía de lingua artística.

Moitos dos escritores galegos apreciaban tamén precisamente a falta de codificación porque lles parecía que tiñan así unha liberdade de expresión non coñecida noutras linguas: moitos escritores querían ser creadores dunha normativa propia, e se miramos os libros publicados nos anos setenta (e, en parte, ata a actualidade) parece que hai neles un número interminable de propostas normativas. Desde a súa perspectiva, é comprensible a proposta de Lapa de 1973: se os galegos queren unha lingua unificada, éelles moito máis fácil adaptar a portuguesa en vez de crear, a base da fala, outra lingua. Onde falla este argumento é onde non ten en conta a vontade de manter a identidade propia —non portuguesa senón galega— expresada a través da lingua diferente.

Pero hai na proposta de Rodrigues Lapa —e en toda a discusión posterior— tamén unhas confusións teóricas que me parece importante

42. "Unha nova revolución na nosa lingua" (1970) en Piñeiro, Ramón. *Op. cit.*, 1974, p. 239.

sinalar, confusión, dun lado, entre a *creación* dunha lingua común a partir da fala e a *distancia* entre lingua común e variedade lingüística despois dun proceso histórico, e doutro lado entre a escritura na *teoría* e na *realidade empírica*. A idea principal de Lapa é a seguinte:

Não se escreve como se fala, porque a fala é um simples meio de comunicação, menos bem elaborado, ao passo que a língua literária é mais do que isso: é uma obra de arte que se vai polindo através dos tempos, deixando para trás o que parece inadequado, obsoleto ou sem beleza⁴³.

Para Lapa non hai ningún problema de codificación do galego ou de creación dunha lingua común, porque a lingua común do galego xa existe:

O caso do galego é uma exceção felicíssima: essa língua literária de que ele carece está feita desde há oito séculos e chama-se hoje português. Os galegos têm a sorte rara de poderem fazer essa opção, coisa de que se não podem gabar nem bascos nem catalães⁴⁴.

Da longuíssima discusión que segue a esta proposta quero citar só a reacción máis directa, a *Carta a don Manuel Rodrigues Lapa*, por Ramón Piñeiro, publicada, como o propio artigo de Rodrigues Lapa, en *Grial* no ano 1973 e onde Piñeiro di claramente que o galego moderno e o portugués son *dúas* linguas, aínda que orixinariamente idénticas:

Hai unha segunda etapa, a etapa moderna, en que esa lingua común medieval se diferencia en dúas linguas irmás, o galego e máis o portugués⁴⁵.

A distinción fundamental feita por Lapa é a de lingua falada e lingua escrita. Lapa fala dunha especie de diglosia interna da lingua. Na época da publicación das *Normas* de 1982, Henrique Monteagudo e Francisco Fernández Rei publican un artigo en *La Voz de Galicia* que se pode citar como resposta ó problema formulado por Rodrigues Lapa:

En todo idioma hai un nivel "culto", unha variante estandarizada, que se fai sempre a partir da fala viva e nunca ás costas dela; e se nalgún caso primou o mantemento dunha tradición arcaica sobre a fala viva, máis tarde acabouse por toma-la fala viva como punto de partida⁴⁶.

43. Lapa, Manuel Rodrigues. "A recuperação literária do galego", en *Grial* 41, 1973, p. 285.

44. Lapa, Manuel Rodrigues. "Otero Pedrayo e o problema da lingua", en *Grial* 55, 1977, p. 39.

45. Piñeiro, Ramón. *Op. cit.* (1974), p. 278.

46. *La Voz de Galicia*, 11 febreiro 1982.

Temos, pois, dúas posturas opostas, unha, a de Lapa, que acentúa que hai, despois da creación da lingua literaria, diferenza entre esta e a fala viva, e outra que acentúa a imposibilidade de manter unha grande diferenza entre a lingua común e a variedade da fala viva. A primeira subliña un feito histórico-empírico que se dá cando xa existe a lingua común a carón da variedade dialectal, a segunda subliña a creación dunha lingua común antes da súa existencia. Son dúas perspectivas distintas do mesmo feito, separadas pola cuestión de se fai falta outra lingua común ó galego ou se se pode aceptar como tal a portuguesa.

Pero hai outro problema teórico. Entre os lingüistas hai xa desde hai tempo unha discusión sobre o que é a lingua escrita: se é só unha copia da lingua falada ou se é algo máis, se a escritura é só un sistema semiótico secundario que representa a lingua falada ou se é completamente distinta daquela. Hai unha especie de dogma na lingüística que remonta ata Saussure, quen di:

Lingua e escritura son dous sistemas de signos distintos; a única razón de ser do segundo é representar o primeiro⁴⁷.

Ou na fórmula de Bloomfield:

A escritura non é unha lingua senón só unha forma de lembrar a lingua por medio de signos visibles⁴⁸.

Esas son as posturas clásicas do estruturalismo. Pero temos tamén as teorías da escola de Praga sobre a lingua literaria, o concepto de Kloss sobre a *lingua en elaboración* ou mesmo a pasaxe de Lapa enriba citada. A contradición pódese ilustrar con dous exemplos de fragmentos da literatura galega recente, o primeiro da novela *Polaroid* de Suso de Toro, do ano 1986 e o segundo da tradución da *Ilíada* por Evaristo de Sela de 1990:

Ai si, oh. ¿E logo? E si. Non, oh. Home, non sei. ¿O que? Deixa que xa. Xa lle gustaría. Había ser eu. ¿O que? ¿De que? ¿A quen? Veña, home, veña. Que lle dean. Que lle medre. Digocho eu. Que cho digo eu⁴⁹.

Os outros, pois si, na mesma deuses que homes de empeñado elmo, dormían a noite enteira, mais a Zeus non o tomaba o doce sono; senón que el andaba a cavilar na súa mente a maneira de, a Akhileus, honra lle dar, e facer morrer a moitos xunto as naves dos Akhaiói; e este, a el, na súa alma, parecíalle o mellor consello,

47. Saussure, Ferdinand de. *Cours de Linguistique Générale*. Edición de Tullio de Mauro, París, 1972, p. 45.

48. Bloomfield, Leonard. *Language*. Nova York, 1933, p. 21.

49. De Toro, Suso. *Polaroid*. Xerais, Vigo, 1986, p. 37.

enviar, sobre o Atréides Agamemnon, ó funesto Soño, e, por el chamado, palabras aladas lle dicía:

“Anda, vai alá, funesto Soño, xunto das lixeiras naves dos Akhaiói [...]”⁵⁰

A primeira cita confirma a teoría de que a lingua escrita é só representación da lingua falada, a segunda —que en realidade procede dunha tradición oral, a das epopeas homéricas— confirma a teoría de que a lingua escrita é máis do que o mero reflexo da lingua falada. O problema está aquí, igual que na idea de Rodrigues Lapa tan repetida despois por Carballo Calero e outros, nunha confusión entre *teoría* e *realidade histórico-empírica*. En teoría, a lingua escrita é só un sistema secundario para representar a lingua falada; calquera forma de fala: tamén linguaxe coloquial, vulgar, familiar etc., como no exemplo de Suso de Toro. Pero na realidade empírica, non todas as variedades se escriben, e só na lingua común é usual crear toda unha serie de estilos diferentes, esa riqueza estilística da lingua común descrita polos lingüistas da escola de Praga. Evidentemente, hai variedades lingüísticas que expresan máis distancia e outras menos, hai variedades que se escriben e outras que non⁵¹. Pero se o galego falado non se escribe ou non se escribía en certos ámbitos, é un feito empírico dado por unhas circunstancias históricas determinadas, non por necesidade. Negar a posibilidade de crear unha lingua común a partir da fala sería negar a creatividade dos falantes e a posibilidade do cambio lingüístico⁵².

Á inicitiva de Lapa segue, no ano 1979, unha proposta para unha especie de Normativa de transición entre galego e portugués por X. M. Montero Santalla, para iniciar un “proceso en varias fases”⁵³ de achegamento ó portugués. É un intento de aproveitar a flexibilidade do sistema gráfico e de achegarse ó portugués sen perder as particularidades

50. Homero. *Ilíada*. Tradución de Evaristo de Sela. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1990, p. 45.

51. Peter Koch e Wulf Oesterreicher engadiron, nun traballo que moito chamou a atención dos lingüistas en Alemaña nos últimos tempos, as categorías de *falado/escrito* ás categorías de variación lingüística de Eugenio Coseriu entre variación diatópica (ou no espacio), variación diastrática (ou nos grupos sociais), e variación diafásica (de estilo). Para Koch e Oesterreicher, a variación entre falado e escrito é a central e a máis importante, e o que critican é que a lingüística estrutural non reparara niso. Non é certo, pois na teoría de linguaxe de Coseriu as categorías fala/escrita ou proximidade/distancia teñen o seu lugar, pero non na descrición teórica dos sistemas lingüísticos senón na súa *lingüística da fala* (Vid. Coseriu, Eugenio. “Determinación e entorno. Dos problemas de una lingüística del hablar” en *Romanistisches Jahrbuch VII*, 1955-56, pp. 29-54).

52. Para a cuestión teórica de fala e escrita vid. Kabatek, Johannes. “Wenn Einzelsprachen verschriftet werden, ändern sie sich. Gedanken zum Thema Schriftlichkeit und Mündlichkeit” en Gabriele Berkenbusch e Christine Bierbach (eds.). *Soziolinguistik und Sprachgeschichte. Querverbindungen*. Narr, Tübingen, 1994.

53. Montero Santalla, Xosé Martiño. *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa*. Ferrol, 1979, p. 5.

do galego, modificando, en parte, a morfoloxía, pero non os outros campos da lingua:

Non teria consecuencias notábeis nen na fonética nen na sintaxe nen no léxico⁵⁴.

En 1980 fúndase a *Associação Galega da Língua*, ata a actualidade a principal promotora do reintegracionismo, que patrocina unha serie de traballos sobre filoloxía galega, organiza con regularidade congresos internacionais de alto renome e publica desde o ano 1985 a revista trimestral *Agália*. Tamén no ano 1985 publica, baixo a dirección de José Luís Rodríguez, un exhaustivo tratado de normativa reintegracionista galega, desde entón a orientación principal das publicacións da asociación⁵⁵. No ano 1989 propónse en *Agália* o uso sistemático do til de nasalidade, o que a *Comissão lingüística*, responsable, dentro da *Agal*, polas cuestións respectivas á norma, apoia só en parte⁵⁶. En 1990 publícase na revista a ortografía unificada dos países lusófonos do acordo de Lisboa (non ratificada aínda por Portugal nin Brasil) de outubro de 1990, sen propoñer explicitamente o seu uso⁵⁷.

O movemento reintegracionista máis radical atópase entre as *Irmândades da fala* de Pontevedra e de Braga, que participaron como invitados nos encontros sobre o Acordo Ortográfico en Río de Xaneiro (1986) e Lisboa (1990)⁵⁸.

Pero o respaldo oficial das forzas políticas e unha parte importante da intelectualidade galega decidíronse por outro camiño. O reintegracionismo quedou sempre minoritario e non logrou impoñerse contra as outras forzas da sociedade. O papel decisivo no proceso de codificación adquiriuno ó longo dos anos setenta o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago. Entre decembro de 1976 e xuño de 1977, o ILG organiza unha serie de seminarios sobre cuestións da normativa. O resultado, as *Bases pra unificación das Normas lingüísticas do galego*, considerábanse, como escribiu no limiar Domingo García

54. *Ibidem*, p. 4.

55. AGAL (Associação Galega da Língua). *Prontuário ortográfico galego*. Ourense, 1985.

56. AGAL. "Sobre o til de nasalidade" en *Agália* 19, 1989, pp. 365-370, especialmente a p. 370.

57. AGAL. "Acordo ortográfico para a lusofonia", en *Agália* 23, 1990, pp. 360-371.

58. Parece ser a única organización que ratificou o *Novo acordo* de Río de Xaneiro do 12-V-1986 e que usa a ortografía de 1990 nos seus escritos. Os seus representantes lograron, na elaboración dun léxico común a integración de dúas (!) palabras galegas (*brêtema* e *lóstrego*), sendo de feito o galego a base histórica da maioría das palabras portuguesas. Vid. Fontenla, José Luís; Estraviz, Isaac e Figueroa, Adela. *Comentarios ao novo acordo ortográfico*. Pontevedra, 1986. Fontenla, José Luís. "Breve historia do conflito lingüístico na Galiza: A normativa do galego desde a II República até hoje" en *Lingüística, Sociolingüística e literatura Galaico-Luso-Brasileira-Africana de expressão portuguesa*. Vol. II (*Temas de O Ensino*). Braga, 1986.

Sabell, o entón presidente da Academia galega, aínda como "propostas e non impostas", pero indicaban un claro camiño: en case todos os aspectos coinciden coas normas de 1982, e diferéncianse das normas anteriores pola súa tendencia a conservar practicamente todos os grupos consonánticos cultos dos latinismos, tendencia confirmada en 1982. Foi un intento, despois de tantos anos de anarquía gráfica, de atopar por fin un criterio claro para o tratamento dos cultismos, campo da lingua que esixía unha decisión porque non se podía consultar a fala viva dada a ausencia de moitas das palabras cultas na lingua falada.

Por necesidade dunha normativa oficial dada pola oficialización das linguas de España na Constitución de 1978, a nova Xunta de Galicia crea en 1979 unha Comisión de Lingüística para a elaboración desta normativa, publicada en 1980 pola Consellería de Educación e Cultura: é a primeira normativa da historia de Galicia que se publica por unha institución governamental. Estas normas teñen unha clara orientación lusista, coa vontade de abrir o paso á reintegración. No seu prefacio propoñen o achegamento á ortografía portuguesa e non exclúen máis avances no camiño da reintegración:

Deixamos aberta a posibilidade dunha ortografía, pois, mais histórica, ou mais económica, ou mais solidária de outras formas do románico-hispánico ao que o galego pertence⁵⁹.

Pero non é duradeira esta proposta. En outubro de 1982, o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega publican as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* do 3 de xullo de 1982. Estas normas, dunha evidente orientación autonomista contraria a tendencias reintegracionistas, son oficializadas indirectamente pola Xunta de Galicia na *Lei de Normalización Lingüística* do 15 de xuño de 1983, pois nela faise responsable das cuestións relativas á normativa a Real Academia Galega: desde entón serven de normativa galega oficial. A lingua codificada nelas defínese como

lingua común asentada na fala, pero depurada de castellanismos, supradialectal, enraizada na tradición, coherente e harmónica coas demais linguas de cultura [...] ⁶⁰

A normativa é moi criticada, pero hai que dicir que o "invento" das normas está bastante enraizado nunha tradición galega de moitos anos. E no respecto á escolla das formas, é certo que a grande maioría dos

59. Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Cultura. Comisión de Lingüística. *Normas ortográficas do idioma galego*. Santiago de Compostela, 1980, p. 12.

60. Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega. *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo, 1982, p. 8.

galegos poderán identificarse con elas, pois moitas delas son dialectalmente localizables no eixo Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo; territorio onde se atopa a maior densidade de poboación galega⁶¹.

SINOPSE DAS PROPOSTAS NORMATIVAS

	Ortografía autonomista	Reintegracionista mínima	Reintegracionista	Portugués	"Fonolóxica"
Orixes	Tradición da lingua escrita desde o Rexurdimento (ortografía baseada no castelán con trazos propios galegos)	Tradición desde a Xeración Nós, en parte tamén na posguerra (Galaxia)	Propostas de Murguía, Viqueira, etc.; proposta de Lapa 1973	Tradición da escrita do portugués	Principio clásico da identidade entre letra e son
Normas precursoras	Couceiro 1929, Carballo Calero 1966, RAG 1971, ILG 1971	Xunta de Galicia 1980, ASPG 1980	Motero Santalla 1977	Diversos acordos dos países lusófonos	Ribalta 1910
Continuadores	ILG 1977		ASPG 1982, AGAL 1983	Río de Xaneiro 1986, Lisboa 1990	Carlos P. Otero 1965

4. DESPOIS DAS NORMAS: PROBLEMAS DA LINGUA GALEGA

Coa base das normas de 1982 comezou unha nova época para a lingua escrita galega. A época máis fértil na súa historia, cunha produción literaria enorme e unha grande cantidade de publicacións non-literarias⁶². Por primeira vez, a lingua galega conta cunha normativa oficial non provisional e co respaldo de parte das institucións públicas. A polémica sobre o que algúns chamaron o "golpe lingüístico"⁶³ do 82/83 seguía e segue, pero ó mesmo tempo a aceptación da normativa oficial se estende. Mantén tamén bastante extensión a chamada ortografía reintegracionista mínima, con algúns acentos adaptados do portugués, sinal sobre todo dunha certa resistencia antioficialista. Pero hai unha tendencia ó longo dos anos oitenta de aceptar a proposta oficial, criticándoa ás veces pero aceptándoa polo recoñecemento da necesidade dunha normativa unificada ou pola posibilidade de conseguir subven-

61. Vid. o mapa en Kabatek, Johannes. "Der Normenstreit in Galicien: Versucht einer Erklärung" en *Lusorama* 18, 1992, p.76.

62. Vid. Senín, Xabier. "500 libros galegos" en *Grial* 107, 1990, pp. 381-386, quen relativiza os éxitos logrados nos anos 80.

63. *A Nosa Terra* 196-7, 1982, p. 5.

cións á publicación de parte das institucións gobernantes. Se nun principio moitos escritores ou profesores defenderon aínda a súa liberdade de expresión ou de cátedra, cada vez máis se deron conta de que o mantemento de varias propostas era en realidade unha ameaza para a propia lingua galega: se unha lingua en perigo de desaparición nunha situación de bilingüismo a carón dunha lingua plenamente normativizada e normalizada non crea criterios claros para o ensino, os alumnos acabarán escribindo a lingua con regras claras: o castelán. Moito se ten discutido en Galicia sobre a necesidade ou non necesidade dunha lingua estándar unitaria e sobre o chamado "galego común". Estes dous conceptos hai que separalos claramente: a lingua estándar é a lingua exemplar codificada conscientemente, no caso galego por un equipo de lingüistas; esta lingua, teoricamente, non sería necesaria, pero é útil sobre todo para a *unidade da escrita*, para o ensino destinado ós pouco asentados na lingua e o ensino escolar, para a prensa, as editoriais, para evitar confusión e poder "competir" con outras linguas e así contribuír ó mantemento e a extensión da lingua. A lingua común, en cambio, é o que os propios falantes crean con ou sen consciencia, unha lingua que nace pola existencia dunha comunidade consciente de selo, pola vontade dos falantes de se identificaren cunha comunidade lingüística⁶⁴. Se por exemplo desde todas as rexións de Galicia chegan estudantes á Universidade de Santiago, o galego que acaban falando entre eles non é exactamente o dialecto das súas aldeas ou de onde sexa a súa procedencia, créase nun ámbito diferente outra forma de falar, un galego que pode manter os trazos individuais das diversas falas pero que tamén se caracteriza por trazos comúns: cada comunidade identifícase lingüísticamente, e a comunidade urbana galega identifícase polo uso dun nacente ou xa xeralmente estendido galego común.

No caso de moitas linguas, o estándar creouse sobre unha lingua común xa existente. No caso do galego, algúns xa dixeran nos anos setenta que o galego común é un feito existente, como Francisco Fernández Rei:

Hoxe existe xa un galego común utilizado pola maior parte dos usuarios, aínda que con discrepancias puntuais. Este galego común representa en boa medida os falares do galego central, especialmente na fonética, pero contén algunhas solucións morfolóxicas do galego occidental e algunha do oriental: trátase dun "supradialecto" que reproduce o territorio lingüístico do galego actual⁶⁵.

64. Orixinalmente entendiase por lingua común o que hoxe en día xeralmente chamamos *lingua estándar* ou *lingua exemplar*. Vid. Paul, Herman. *Prinzipien der Sprachgeschichte*. Niemeyer, Halle, 1880, 5ª edición 1920, pp. 404 e ss. desta última edición.

65. Fernández Rey, Francisco. "A questione della lingua galega" en *A Trabe de Ouro* 5, 1991, pp. 29-40.

Isto coincide practicamente co que dixo Ricardo Carballo Calero sobre a lingua literaria:

Hoje manifesta-se claramente a constituición dumha *koiné* literaria que se nos presenta como um compromiso entre as duas formas mais estendidas do idioma: o galego "lucense" e o galego "iriense". A aportación do primeiro é mais bem fonética, a do segundo, mais bem morfológica. Proscíven-se o sesseo e a gheada; aceptam-se a solución *-am* do sufixo latino *-ANU* e o grupo *-ns* no plural. As razóns que historicamente justifican estas solucións som dumha parte a tradición, se calhar moderna, segundo a qual o sesseo, e sobretudo a gheada, eran fenómenos fonéticos fortemente vulgares e rurais, especialmente o segundo, que ademais se considerara desnaturalización ocasionada polo adstrato ou superstrato castelán; de outra parte, o feito de que, ja nos nossos tempos, a morfoloxía do galego "iriense" adquiriu superior prestígio literario porque é a utilizada, em termos gerais, por umha soma tam importante de escritores como a representada por Rosalía de Castro, Marcial Valhadares, António López Ferreiro, Eduardo Pondal, Ramon Cabanilhas, Afonso Rodríguez Castelao, Luís Amado Carbalho, Manuel António Pérez Sánchez e muitos outros⁶⁶.

Outros din que o galego común aínda non existe, ou que existe, pero que non coincide co estándar⁶⁷. Parece que a *questione della lingua* galega aínda non está definitivamente decidida. Pero, ¿que é o estándar, que son as normas? Unhas regras básicas de ortografía e de morfoloxía, un marco xeral que deixa abertas todas as posibilidades expresivas e artísticas. Un texto que cumpre coas esixencias das normas non é por iso un texto en bo galego. Desde o século pasado, o castelán actúa sobre o galego como unha especie de norma de prestixio. Moitos falantes, cando queren falar de xeito máis culto, á hora de poder escoller entre dúas formas galegas prefiren a que coincide co castelán porque lles soa mellor ou máis adecuada; ou hai a tendencia contraria de escoller expresamente unha forma non coincidente porque lles soa máis galega: pero ambos os procesos condicionáanse pola presenza do castelán, e impiden unha auténtica expresión nunha lingua propia coas súas propias tradicións.

Os falantes tamén son planificadores lingüísticos, e son probablemente os máis importantes no proceso de planificación, pois unha vez

66. Carballo Calero, Ricardo. *Problemas da lingua galega*. Lisboa, 1981, p. 61 e ss. Á parte das modificacións ortográficas, este texto publicárase xa antes nun artigo de 1972.

67. Creo que se pode dicir que unha conciencia do que pode ser unha lingua común galega existe xa desde o século pasado, con criterios cambiantes e ás veces cunha clara tendencia a castelanizar o galego. Hoxe en día, creo que hai dous modelos competitivos, un galego culto usado pola maioría dos falantes cultos e asentados na fala e outro galego culto fortemente influenciado polo castelán, usado sobre todo polos falantes "públicos" menos asentados no galego. O futuro decidirá cal será o modelo escollido maioritariamente.

lograda a unificación ortográfica e morfolóxica, son eles os que entran en xogo para a verdadeira creación da lingua común. Os planificadores codifican e seguen codificando coa edición de manuais de léxico, de terminoloxía ou de dúbidas gramaticais. Pero a lingua é moito máis do que iso: é un conxunto de tradicións de textos de moitos ámbitos, tradicións creadas polos falantes e non polos planificadores. A gramática e o dicionario son só o material de construción para a obra da lingua, unha obra que en moitos sentidos quedaba por facer nos anos oitenta ou aínda hoxe.

Un exemplo: a lingua nos medios de comunicación, con tantos tipos de textos que o galego descoñecía ata a creación da radio e da televisión. Facía falta crear novos tipos de texto para a dobraxe dos filmes, para as noticias, para os comentarios deportivos, as entrevistas, etc. É importantísima, precisamente, a lingua dos medios de comunicación porque para moitos falantes da comunidade é a pauta de corrección, máis importante aínda nunha situación de inseguridade sobre a norma, nunha situación aínda de nacemento de normas. E vemos aquí que o galego que se está a crear está baixo influencia fortísima do castelán por tantas razóns que se pode dicir que o castelán é o factor decisivo na creación dos novos textos galegos, sexa de xeito positivo ou ben negativo. Todos os locutores da televisión e da radio eran falantes do castelán ó comezaren a funcionar a radio e mais a televisión. Certo, moitos deles eran galegofalantes: pero non nos novos tipos de texto. Porque falar na familia é outra cousa ca falar no telexornal. O castelán estaba entón sempre presente: polo propio pasado e o sistema educativo, polos propios estudos nas escolas de xornalismo en Madrid ou noutras cidades fóra de Galicia, polos modelos coñecidos pola televisión e pola radio e ás veces tamén polos propios textos chegados da axencia Efe e adaptados ó galego en pouco tempo. Escribiu un xornalista da televisión galega, Xosé Pérez, hai pouco:

A maior parte das noticias divulgadas pola TVG e a RG son redactadas utilizando como base os datos recollidos por axencias con sede en Madrid. Por suposto, os teletipos destas axencias están redactados en castelán [...] O xornalista debe traducilos ó galego e adaptalos á linguaxe televisiva ou radiofónica. A premura de tempo en moitos casos e a falta de capacidade noutros dan como resultado a elaboración de textos con expresións foráneas e sintaxe castelá⁶⁸.

A radio e mais a televisión contan con asesores lingüísticos precisamente para asegurar a corrección idiomática, a exemplaridade da lingua

68. Pérez, Xosé M. "A normalización lingüística na radio e a televisión de Galicia. Propostas dun xornalista" en *Cadernos da lingua* 6, 1992, p. 139.

empregada; pero eles só corrixen o que está codificado nas normas, non poden darlle a personalidade propia á lingua, isto é a tarefa do xornalista, do falante mesmo. Todos os falantes, e máis aínda os falantes profesionais, son ben conscientes diso. Como é moi frecuente en situacións de bilingüismo, desenvolven técnicas de transposición, dunha especie de tradución simultánea do castelán, con regras case como as que o gaitero de Pintos lle ensinaba ó seu discípulo no século XIX para "ir deprendendo" o galego. E tamén técnicas para galeguizar o texto, fórmulas ou verbas que lles parecen "máis galegas", para diferenciarse conscientemente do texto orixinal. Evítanse expresións coincidentes co castelán preferindo palabras que parecen máis enxebres. Isto tamén é unha forma de interferencia, pero non positiva senón negativa. Preferir, por exemplo, expresións ou palabras como *de xeito que, non si, intre, atopar, mercar, meirande* etc. e evitar os sinónimos ou case sinónimos *de maneira que, non, momento, encontrar, comprar, máis grande* etc. Nunha tradución dunha obra de teatro francesa traducida a finais dos oitenta atópase en case todos os casos onde a versión orixinal puña *moment* a tradución "intre". Pero *momento* é palabra moito máis común en Galicia ca *intre*, semanticamente diferente porque pode designar un lapso de tempo máis amplo, non como *intre*, que sería máis ben a tradución do francés *instant*, ou *sexa*: un momento moi breve e preciso, un instante.

O que acontece despois é que estas tendencias crean tradición, novos tipos de texto, novos modelos que despois se imitan. Desde fóra só se pode considerar o proceso desde unha perspectiva descritiva como a creación dunha nova lingua, un proceso de cambio lingüístico. Pero desde unha perspectiva galega habería que sinalar o perigo no que está a lingua de perder a súa personalidade propia e de converterse en lingua híbrida. Moitas das evolucións xa se consideran como normais e xa non chaman a atención.

Para a creación do galego culto —proceso iniciado e moi avanzado xa— hai dous camiños: o primeiro é a creación dunha lingua con modelos do castelán, unha adaptación do castelán, e o segundo é a creación á base das propias posibilidades galegas. É evidente que o galego sempre será unha combinación dos dous procesos, pero aínda non se sabe se perde a súa personalidade fundíndose no castelán, se foxe a un recanto illado e sen contacto ou se atopa a súa personalidade propia. É o vello problema da escolla entre asimilación ou isolacionismo, aínda presente, se ben xa con outras calidades⁶⁹.

Hoxe en día, que xa existe unha lingua escrita galega bastante normalizada e unha lingua común usada nos máis diversos ámbitos, a lingua

69. Kabatek, Johannes. "Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar" en *Cadernos da lingua* 4, 1991, pp. 46-48.

estase a achegar á situación do triángulo equilátero de Kremnitz. O que falta aínda é sobre todo conciencia, xa existente nalgúns falantes e escritores pero aínda moi pouco estendida. Tamén unha conciencia máis clara sobre os niveis da lingua, sobre o que é vulgar, popular, coloquial, propio da lingua culta ou da lingua común. Este é o derradeiro paso do galego, quizais o máis difícil, porque o cultivo dunha lingua non remata nunca, sempre é continuo.

J. K.